


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2020 9:32:27

SAIDA


7521/20




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 33/2020

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 24 de febreiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adoptase a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 24 de febreiro de 2020, un escrito do que se deduce que se trata dunha denuncia contra o funcionamento do Espazo Mercado Xurés.

Segundo. Con data do 28 de febreiro de 2020 remitiuse oficio ao reclamante no que se lle requiría para que aclarase, no prazo de dez días, se a reclamación a presenta contra a falla de resolución dunha solicitude de acceso á información pública (en cuxo caso debe remitir copia da súa solicitude e, de existir, a resolución da Administración ou organismo á que llo solicitou) ou a presenta contra o que considera un incorrecto funcionamento do referido Espazo, en cuxo caso, estaría fora da competencia da Comisión da Transparencia de Galicia.

Terceiro. Con data do 5 de marzo de 2020, o interesado remite escrito no que manifesta que a súa reclamación dirixese contra a falla de contestación a unha solicitude de renuncia á adxudicación de posto no Espazo Mercado Xurés.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establece que se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala a lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada.

Neste expediente con data do 28 de febreiro de 2020, solicitouse ao reclamante que aclarase se a reclamación a presentaba contra a falla de resolución dunha solicitude de acceso á información pública (en cuxo caso debe remitir copia da súa solicitude e, de existir, a resolución da Administración ou organismo á que llo solicitou) ou a presenta contra o que considera un incorrecto funcionamento do referido Espazo, en cuxo caso, estaría fora da competencia da Comisión da Transparencia de Galicia.

Con data do 5 de febreiro de 2020, o interesado remite correo electrónico no que manifesta que a súa reclamación diríxese contra a falla de contestación a unha solicitude de renuncia á adxudicación dun posto no Espazo Mercado Xurés. A reclamación non se dirixe por tanto contra unha resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, senón contra a falla de resolución dun procedemento de renuncia a un posto dun mercado que tiña adxudicado.

De acordo co anterior, procede a inadmisión da reclamación presentada, ao non presentarse a reclamación contra resolución dunha solicitude de acceso á información pública, senón contra a falla de resolución dunha unha solicitude de renuncia a unha adxudicación municipal, para a que a Comisión da Transparencia carece de competencia.

RESOLVO

Único: Inadmitir a reclamación presentada por ██████████ presentada o 24 de febreiro de 2020, contra a falla de contestación á súa renuncia a adxudicación dun posto no Espazo Mercado Xurés.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.07.01 12:16:41 +02'00'

M^a Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.